

Poemas

LUIS LUNA

I ZALASA (O MAR)

Núa de máis
botaches para enfrontar a neve
que che sesga a pel dende a súa canle,
núa de máis florecida
es tan só un corpo xunto a outro
que aterido de seu, procura o fogo.

SANTIAGO

Cíclopes anoréxicos e verdes
Linguas de sol grises e secas,
Un paseo a tres berros: a cidade.

HOME CONTINUO

Cinza e boca que te chama
máis ao sol que á terra espida.
Madeira de berro a ningures
e construcción de novo corpo
entre máis duras penas
e máis altas murallas.
O isolamento da man
que puxa por erguerse
é sempre un mísero derrube.
A ave, aquela que se ergue
é derribada pola frecha
ao revés, xa logo fica
para a nena e a xanela.
Estar mascando ortigas
e ver
non a pedra,
senón a agua.

ONDE QUIXEN FICAR

Ao retirar o veo
Que nos cubre,
Tes toda a miña ferida
O xade das miñas pernas
A lúa do meu peito
Os rizos que me orlan.
¡Sei pel para a miña pel agora!
Ti habitas e marchas
Eu nada che pido,
Son este corpo
Unha rúa calada
Un balcón ao desexo
Un zaguán xa deserto.
Mais se poidese
Chamaría á porta
Dos teus beizos,
Nadaría na canle
Da túa pel quentísima
Sería á fin a túa barca
E os remos da barca.
Porque amo sempre
O monólogo deshabitado
Dos teus brazos,
A tristísima obra dos teus ollos,
Non digas agora que ficas
Pois deixaches na area
As naves incendiadas.
Ficar ou vivir
Xa non é o mesmo.